



# ACTA DO PLENO CORPORATIVO

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 17 DE DECEMBRO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

#### Concelleiros:

María José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M<sup>a</sup> Hermo García (PSdG- PSOE)

Luis García Gacío (PSdG- PSOE)

M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada (Portodos)

José Ángel Lorenzo Vila (Portodos)

M<sup>a</sup> Ánxela Franco Pouso (BNG)

Xoán Xosé León Martínez (BNG)

#### Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as **20:05 horas** do día **17 de decembro de 2015**, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúnese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión extraordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

### A) PARTE RESOLUTIVA.

- 1) Proposta de participación no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.



- 2) Proposta de participación no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña.

## PARTE RESOLUTIVA

### 1. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, que é do seguinte teor:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou na súa sesión do 8 de outubro de 2015 Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016.

Por medio da súa circular do 8 de outubro de 2015 infórmase de que a cantidade asignada ao Concello de Porto do Son ascende ao importe de 284.782,61 euros. Resulta preciso, pois, determinar que obras van incluírse no POS 2016 e aprobar os correspondentes proxectos, así como adoptar os demais acordos precisos para a tramitación do devandito plan.

Visto canto antecede, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo, non obstante, acordará o que estime pertinente:

"1.- Aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

#### A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Beirarrúa Río Sieira - Xuño	95.022,61 €	0,00 €	95.022,61 €
Beirarrúa no Mariño - Portosín	80.210,00 €	0,00 €	80.210,00 €
Beirarrúa de Queiruga a Pedrafurada	70.650,00 €	0,00 €	70.650,00 €
Beirarrúa na Avenida da Constitución - Portosín	38.900,00 €	0,00 €	38.900,00 €
<b>SUBTOTAL OBRAS/ SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>284.782,61 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>284.782,61 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta láboa.

#### B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>0,00 €</b>

#### C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL OBRAS/ SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>284.782,61 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>284.782,61 €</b>



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>284.782,61 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>284.782,61 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministracións	Orzamento
Beirarrúa en Caamaño	63.250,00 €
Beirarrúa entre as Rúas Redeiras e Sardiñeira – Portosín	38.700,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>101.950,00 €</b>

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resollo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Porto do Son, 9 de decembro de 2015.

O Alcalde- Presidente,  
Asdo. José Luis Oujo Pouso."

D<sup>a</sup>. **Josefa Hermo García** di que na pasada sesión o Sr. Alcalde- Presidente se estrañaba de que lle dixese que gobernaba con improvisación, pero hoxe é a véspera do remate do prazo para solicitar o POS, polo que agarda que o programa informático funcione e non se vaia ao garete a subvención.

Referíndose ás actuacións propostas, a voceira socialista recorda que o seu grupo xa fixo as súas. Engade que algún dos proxectos son "caramelos" para os concelleiros Sres. Pérez Santos e García García e que o Sr. Alcalde incumpre as súas promesas. Tamén sinala que en Portosín hai que facer algunha actuación para xustificar os soldos dos dous concelleiros desa poboación.

Finalmente, supón que, ao seu entender, se contemplou na actuación de Río Sieira que hai unha entrada e saída de camións con material pesado.

D<sup>a</sup>. **M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada** indica que sobre a proposta de actuacións do POS 2016, consistente na construción de beirarrúas na estrada AC- 550, non teñen nada que obxectar pois no seu grupo están de acordo coa mellora da seguridade viaria e parécenlle obras necesarias.

Por outra banda, sinala que non están tan de acordo con que un goberno que lle custa aos sonenses máis de 200.000 euros ao ano non sexa capaz de xestionar diante da Xunta de Galicia unha subvención para algunha desas actuacións, tendo en conta que a Administración Autonómica é a titular da estrada, e afirma que o concello está a facer o traballo da Xunta de



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Galicia. Sinala que un goberno que ten ese custo debería dar unhas mellores prestacións, pois aprézase un nulo esforzo na tramitación de subvencións perante a Xunta de Galicia, e máxime cando tanto nesa administración como no concello gobernan o PP.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** di que no BNG se aledan por ver recollidas no POS obras que levan anos demandando, mais desagrádalle que algunhas se inclúan no POS complementario. Sinala que lles parece necesario facer beirarrúas pero consideran prioritario actuar onde hai máis necesidades, e pon como exemplo o tramo de estrada que discorre pola parroquia de Caamaño entre a farmacia e Pedrafurada.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **José Maneiro Quintáns** apunta que a actuación en Caamaño á que alude a Sra. Franco Pouso non vai no POS complementario.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** menciona que hai un erro nas cifras da proposta e a Sra. Maneiro Quintáns respóndelle que se tratou dun erro, que foi subsanado, e que xa se lles remitiu aos concelleiros a proposta corrixida.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** continúa dicindo que se aledan de que recollan as propostas dos seus grupos sobre a construción de beirarrúas, mais botan de menos a colaboración da Xunta de Galicia, especialmente en Pedrafurada; explica que nesa zona hai moita auga que invade a estrada e que resulta preciso recoller, o que debería facer a Xunta de Galicia.

Por outra banda, sinala que non queren que se crucen as rúas pois, se se fan beirarrúas polas dúas marxes da estrada, nalgún punto será preciso rompelas para implantar os servizos de auga e saneamento. Menciona que, por exemplo, xunto ao Río Sieira será necesario romper a beirarrúa para tender a rede de saneamento.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **José Maneiro Quintáns** contesta que nesa zona xa están colocadas as tubaxes, non sendo necesario romper o pavimento.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** di que agarda que se dispoña de todos os permisos pois na zona da que están falando hai unha ponte.

Doutro lado, a voceira do BNG sinala que botan en falta que se reservase unha pequena partida para gasto corrente ou para Servizos Sociais. Indica que non van votar en contra pero opinan que se poderían ter feito as cousas doutro xeito, por exemplo facendo unha obra de saneamento en San Pedro de Muro. Tamén di que é difícil facer achegas nesta materia se onte foi a comisión informativa e mañá é o último día para solicitar a subvención. Conclúe anunciando que o seu grupo se vai abster na votación.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **José Maneiro Quintáns** indica que vai explicar en que consisten as actuacións propostas para que o público asistente as poida coñecer:

- "Beirarrúa Río Sieira – Xuño": actuarase desde a ponte ata a beirarrúa existente no Carrapatal e tamén se executará un tramo pequeno de beirarrúa en Caamaño. Ademais, instalarase un pavimento de cor e as tubaxes para os servizos de abastecemento de auga e saneamento.

- "Beirarrúa no Mariño – Portosín": actuarase na zona do Mariño, entre as "Villas do náutico" e o edificio "Xesteira". Explica que se trata dunha obra moi demandada polos veciños e que resulta primordial pola gran perigosidade que ten o tránsito nesa zona para os viandantes. Ademais, a realización do proxecto permitiría solicitarlle a Estradas a instalación de pasos peonís, xa que a normativa esixe para poder facelo que haxa beirarrúas aos dous lados da calzada.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

- "Beirarrúa de Queiruga a Pedrafurada": comprende o tramo da estrada AC- 550 entre a farmacia de Queiruga e a capela de Pedrafurada.

- "Beirarrúa na Avenida da Constitución – Portosín": actuarase no tramo situado entre o novo parque infantil e a beirarrúa existente no cruce da AC- 550 coa Rúa San Andrés.

No referido ás obras que se propón incluír no POS complementario detalla o seguinte:

- "Beirarrúa en Caamaño": supón continuar cunha actuación anterior e, de executarse, todo o tramo disporía de beirarrúas.

- "Beirarrúa entre as Rúas Redeiras e Sardiñeira – Portosín": comprende o tramo situado entre o Mariño e o cruce co bar "Código".

A Sra. **Maneiro Quintáns** indica que se trata de obras moi demandadas polos veciños e que van mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade.

En relación ás manifestacións da voceira socialista, a Sra. **Maneiro Quintáns** dille que confunde a improvisación co cumprimento de prazos pois, noutro caso, todos os concellos da contorna estarían improvisando xa que onte se adoptou este acordo en Ribeira e hoxe pola mañá en Lousame.

No referido á proposta de obras a executar efectuada pola Sra. Hermo García, indica que xa mencionaron que, ao seu modo de ver, o saneamento da zona sur do concello ten que executalo a Xunta de Galicia. Onte publicouse nos xornais a noticia de que a construción da EDAR de Xuño se licitará en xaneiro e entrará en funcionamento ao ano seguinte. Tamén nega que estean a dar "caramelos" aos seus concelleiros, pois o que fan é atender as demandas dos veciños. Finalmente, acerca de se se tivo en conta a circulación de camións xunto a Río Sieira, indica que as beirarrúas son para os peóns e non para os camións.

Aludindo ao dito pola voceira do BNG, a Sra. **Maneiro Quintáns** explica que os servizos de abastecemento de auga e saneamento van incluídos nos proxectos e que todos os permisos necesarios para as obras xa foron solicitados.

D<sup>a</sup>. **Josefa Hermo García** comeza dicindo que o feito de que se licite a construción da EDAR de Xuño en xaneiro non implica que se vaia facer o saneamento. Tamén pide que lles expliquen en que partida dos Orzamentos para 2016 da Xunta de Galicia vai a consignación para esa EDAR, pois debe tratarse dunha partida oculta.

Por outra banda, a voceira do PSdG- PSOE afirma que o goberno municipal improvisa na súa xestión e o certo é que estivo a piques de perder unha subvención de 198.000 euros por improvisar.

En canto á circulación de camións, apunta que este goberno municipal, durante o anterior mandato, fixo beirarrúas polas que nin sequera non poden circular cadeiras de rodas nin carros de bebés.

A Sra. **Maneiro Quintáns** pregunta se as beirarrúas son para que circulen por elas os camións ou as cadeiras de rodas.

D<sup>a</sup>. **Josefa Hermo García** explica que no lugar no que se pretende actuar existe un almacén de materiais de construción, polo que hai unha circulación de camións.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** pídelle á Sra. Maneiro Quintáns que non cite a outros concellos cando lle falan de improvisación pois o certo é que este goberno municipal case presenta fóra de prazo unha subvención da Deputación da Coruña.

Continúa a voceira nacionalista recordando que o BNG propuxo fai un ano, para apoiar os Orzamentos do concello, as actuacións que se van incluír no POS. Prosegue sinalando que o ano que vén hai eleccións de novo e se farán beirarrúas polo que agarda que os técnicos preparen uns bos proxectos para que non suceda o mesmo que co paseo da praia da Arnela, pois esa obra rematouse fai 4 días e xa está a punto de caer.

O Sr. **Alcalde- Presidente** pídelle á Sra. Franco Pouso que visite a pasarela da Arnela.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** di que a Conselleira de Medio Ambiente ten que sacar fotos, pero non lle colle na cabeza que os técnicos sexan capaces de por en marcha a EDAR de Caamaño cos cartos que se consignaron para iso, e é que non sabe como para por en servizo outras EDAR se precisa 1 millón de euros; pregúntase se é que alguén está a roubar.

Doutro lado, recorda que a Sra. Conselleira de Infraestruturas destinou 200.000 euros para o muro da Arnela, que está a caer, e pregúntase quen foron os enxeñeiros que non controlaron que o muro se está a derrubar despois de facer ese investimento.

O Sr. **Alcalde- Presidente** invita á voceira do BNG que vaia pola Arnela, e pregúntalle se ve algunha pasarela na zona con vaias. Engade que pode velo e que resulta evidente.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** menciona que non dixo que houbera alí ningunha pasarela. Continúa expoñendo que nesa zona se fixo un investimento e que o normal é facer un estudo do terreo. Engade que non ela a que cambia as cousas ou confunde os lindes e dille ao Sr. Oujo Pouso que presume de bo gobernante pero é triste que non coñeza esas situacións.

O Sr. **Alcalde- Presidente** pídelle á Sra. Franco Pouso, para aclararlle as dúbidas á Sra. Hermo García, que diga se houbo risco de que o concello perdese unha subvención nominativa da Deputación, a non ser que elas dúas quixesen que fose así.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** contesta que non asiste á sesión na condición de deputada provincial e que o Sr. Alcalde- Presidente só lle dá a palabra cando quere. Tamén di que se o Concello de Porto do Son dispón de 700.000 euros é grazas á Deputación Provincial e que non se perderán se se cumpren os prazos.

Non habendo máis intervencións, o Sr. **Alcalde- Presidente** dá paso á votación do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con seis (6) abstencións (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG)**, polo tanto co **quórum da maioría absoluta**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **adopta o seguinte ACORDO:**

"1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

## A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Beirarrúa Río Sieira - Xuño	95.022,61 €	0,00 €	95.022,61 €
Beirarrúa no Mariño – Portosín	80.210,00 €	0,00 €	80.210,00 €
Beirarrúa de Queiruga a Pedrafurada	70.650,00 €	0,00 €	70.650,00 €
Beirarrúa na Avenida da Constitución – Portosín	38.900,00 €	0,00 €	38.900,00 €
<b>SUBTOTAL OBRAS/ SUBMINISTRACIÓN S</b>	<b>284.782,61 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>284.782,61 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

## B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>0,00 €</b>

## C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL OBRAS/ SUBMINISTRACIÓN S</b>	<b>284.782,61 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>284.782,61 €</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>284.782,61 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>284.782,61 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministracións	Orzamento
Beirarrúa en Caamaño	63.250,00 €
Beirarrúa entre as Rúas Redeiras e Sardiñeira – Portosín	38.700,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>101.950,00 €</b>

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

## **2. PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, que é do seguinte teor:

### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobou na súa sesión do 8 de outubro pasado as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, destinado ao financiamento de investimentos financeiramente sostíbeis que teñan, na súa maior parte, carácter social.

Terase en conta que, segundo a resolución da Presidencia da Deputación do 30/10/2015, pola que se interpretan as bases do PAS, terá "carácter social" "a pavimentación de camiños ou as actuacións no alumado público, cando se trate de camiños ou viais moi usados pola poboación por levar a centros educativos, socioculturais, deportivos, de saúde ou outros lugares aos que acude frecuentemente a poboación, cando o concello así o acredite no informe xustificativo do carácter social do investimento, de acordo co modelo de informe que figura como anexo VI ás bases".

A Deputación da Coruña, mediante circular do 08/10/2015, comunicoulle ao Concello de Porto do Son que a cantidade asignada a esta entidade ascende ao importe de 388.339,93 euros. Resulta necesario, pois, determinar os investimentos que van incluírse no PAS 2015 e aprobar os correspondentes proxectos, así como adoptar os demais acordos precisos para a tramitación do devandito plan.

Visto canto antecede, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo, non obstante, acordará o que estime pertinente:

"1.- Participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostíbeis, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

#### **A) Investimentos financeiramente sostíbeis de carácter social:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforma e acondicionamento da Rúa Entremurallas	88.835,97 €	0,00 €	88.835,97 €
Humanización da Rúa Avellaneda	66.500,00 €	0,00 €	66.500,00 €
Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia	233.003,96 €	0,00 €	233.003,96 €
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>388.339,93 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>388.339,93 €</b>

#### **B) Outros investimentos financeiramente sostíbeis:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
	0,00	0,00 €	0,00 €
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>





# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

## C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	388.339,93 €	0,00 €	388.339,93 €
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>388.339,93 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>388.339,93 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
<i>Humanización da Rúa Entremurallas</i>	39.445,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>39.445,00 €</b>

3.- Declarar que o concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Porto do Son, 9 de decembro de 2015.

O Alcalde- Presidente,  
Asdo. José Luis Oujo Pouso."

D<sup>a</sup>. **Josefa Hermo García** comeza sinalando que o PAS se destina a humanizacións, é dicir, a empedrar, que unicamente veu nos proxectos pedra e que o total do PAS se enterra. Explica que non nega que a Rúa Entremurallas precise de seguridade nin que a Rúa Avellaneda non deba mellorarse pero non entende que se destinen 200.000 euros para o arranxo da Rúa Atalaia cando onte, na comisión informativa, o goberno municipal aínda non sabía que quería facer co entorno desa rúa.

Remata a súa intervención afirmando que o Son está a morrer e que o que se debe facer é revitalizalo, non humanizalo.

D. **José Ángel Lorenzo Vila** sinala que chegan as subvencións e chegan os despropósitos e os despilfarros.

O Sr. **Alcalde- Presidente** di que hai "outro galo no millo" e o Sr. Lorenzo Vila pide que conste na acta esa expresión.

D. **José Ángel Lorenzo Vila** continúa explicando que ao goberno municipal lle gustan as obras faraónicas e os eventos deportivos maiúsculos pero cando un veciño demanda unha obra necesaria ou pide unha subvención para unha entidade, o goberno local dille que non hai cartos. Engade que iso ten que ser certo xa que se está a despilfarrar e hai máis de 3 millóns de euros de débeda.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

O voceiro de Portodos indica que non van mudar a súa opinión, pois o goberno municipal non conta cos grupos da oposición nin, o que é peor, cos veciños. Tamén supón que a obra da Rúa Atalaia levará granito e que o facturará a mesma empresa que o vén facendo desde fai moitos anos; a mesma empresa que facturou os postes para as rutas de sendeirismo. Por ese motivo, pide que a pedra que facturen sexa boa, que non estea oxidada nin sexan retrincos. Conclúe propoñendo que na Rúa Atalaia se poña granito "rosa Porriño", xa que non cría verdello e non se esvara nin oxida.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** supón que ao Sr. Alcalde- Presidente non lle interesará falar do financiamento destas obras, xa que o financiamento procede da Deputación e non se vai facer ningunha achega polo concello.

O Sr. **Alcalde- Presidente** responde que é coma en todos os proxectos do POS.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** di que o Sr. Alcalde parece molesto, cando debía agradecerlle á Deputación que reparta fondos co PAS, a diferenza do que sucedía cando gobernaba o PP, que só lle daba subvencións aos amigos.

Continúa indicando que hai cousas moi estrañas, pois planificase executar unha obra que din que forma parte dun proxecto futuro para recuperar a antiga alameda e que desexarían coñecer e que se lle explicase aos veciños. Engade que o goberno municipal dixo que quería eliminar a zona recreativa para facer un xardín e derrubar o concello, e non sabe cantos metros cúbicos de pedra farán falta para pavimentar pero con 230.000 euros vai ser cara. Prosegue dicindo que lle gustaría saber se vai haber harmonía coa obra que se fixo cos cartos do tanatorio. Tamén sinala que o goberno municipal menciona a Pontevedra como modelo pero nesa cidade, a diferenza de no Son, teñen unha idea do que queren.

A voceira do BNG afirma que se gastan os cartos sen sentido, e pide que se lle explique á xente nova que asiste á sesión por que non hai ningunha proposta para a promoción do emprego. Tamén indica que a Sra. Concelleira de Servizos Sociais a puido chamar cando quixese.

D<sup>a</sup>. **Josefa Hermo García** interrompe e o Sr. Alcalde- Presidente advírtea por primeira vez. Non cesando a interrupción, o Sr. Alcalde- Presidente advírtea por segunda vez.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** reitera que lles gustaría coñecer o que se vai facer co concello, que se vai facer coa zona da Atalaia e como se vai reestruturar. Se se quixese facer algo serio chamarían a uns técnicos para que fixesen un proxecto a 4 anos, aínda que se executase por fases.

Noutra orde de cousas, a Sra. **Franco Pouso** menciona que outros concellos a convidaron a que os visitase na súa condición de Deputada de Benestar Social, mais non o seu concello.

Prosegue a súa intervención apuntando que lles gustaría que houbera un proxecto para a Atalaia avalado polos técnicos e que non se fixesen cousas que esteticamente sexan dúbidas. Indica que ela faría un proxecto do que quere facer na zona co tráfico, cos accesos, etc... e, de explicarse ben, os seu grupo apoiaría. Reitera que botan de menos coñecer as intencións do goberno na zona.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **José Maneiro Quintáns** di que teñen moi claro que se vai facer na Atalaia e procede a explicar os proxectos que se propón incluír no PAS:



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

- "Reforma e acondicionamento da Rúa Entremurallas": actuarase xunto á perruquería "Manola" e tratarase de conservar o empedrado tradicional, coa intención de solucionar os problemas de accesibilidade, xa que as escaleiras teñen unha gran pendente que as fai inaccesibles. Explica tamén que se mellorará o firme de formigón, que está moi deteriorado.

- "Humanización da Rúa Avellaneda": actuarase no tramo que vai desde a zona na que se fixo a anterior actuación na Rúa Atalaia ata o bar "Cortizo". Sinala que é unha zona moi transitada pola proximidade do CEIP Santa Irene e que a APA dese centro demandaba que se mellorase a seguridade viaria, posto que non hai beirarrúa. Engade que se mellorará a accesibilidade da vía coa construción dunha plataforma única, que separará a zona de tránsito peonil do tráfico con bolardos. Ademais, instalaranse dous pasos de peóns.

- "Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia": trátase de reformular a rúa e recuperar o antigo Campo da Atalaia. Esta obra, xunto coa da escola infantil, di que marcará a recuperación do Campo da Atalaia. Indica que se trata dun proxecto moi bonito e co que está moi involucrada co fin de recuperar un ámbito de sempre e moi social. Ata o de agora, explica, fixéronse actuacións illadas e desconectadas, como a praza situada xunto ao concello ou a zona de xogos, e o que se pretende é recuperar un ámbito social, enfocado basicamente ao tránsito peonil aínda que puntualmente haxa tráfico rodado. Continúa detallando que se instalará un pavimento mixto con formigón lavado e granito silvestre e, ao tempo, instalaranse todos os servizos. Prosegue indicando que, a pesares de que non se dispón de moitos fondos, aos poucos poderá facerse un proxecto moi bonito e que os veciños agradecerán.

No referido á obra do PAS complementario, explica que o proxecto "Humanización da Rúa Entremurallas" xa foi un proxecto complementario do POS 2014. Detalla que finalidade do proxecto é a de facer accesible a baixada situada xunto á Rúa do Pílon e na que, actualmente, hai unhas escaleiras con moita pendente e que non resultan accesibles para as cadeiras de rodas ou os carros de bebés.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Maneiro Quintáns, en alusión ao manifestado pola Sra. Hermo García, di que está de acordo con ela e que o granito xa cansa pois cando esgotan os argumentos sempre voltan ao tema do granito. Indica que non teñen ningún problema co granito, a diferenza dos grupos da oposición, e explica que Galicia e Porto do Son están feitos de granito pois é a pedra autóctona.

En relación ao dito polo Sr. Lorenzo Vila, sinala que o voceiro de Portodos só fala de deporte pero desde o goberno municipal están moi orgullosos de colaborar na organización da carreira "Sin- Son", pola que felicita ao Concelleiro de Deportes, Sr. Deán Pouso. Afirma que se trata dun gran evento que beneficia a todos.

D<sup>a</sup>. Josefa Hermo García apunta que os proxectos "bonitos" se fan cando os servizos básicos de todas as parroquias están cubertos, polo que segue pensando que se está a dilapidar a subvención do PAS. Engade que o seu grupo se vai abster pois, reitera, están a favor dos proxectos "bonitos" cando as parroquias teñen cubertos os servizos básicos.

A Sra. Hermo García, referíndose ao exposto pola Sra. Maneiro Quintáns, di que está de acordo con que defenda firmemente que Porto do Son ten que ser de granito, pois hai unha empresa que se chama Sogranito.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Maneiro Quintáns sinala que Sonense de Granitos é unha empresa de Porto do Son, a cuxos veciños representa a voceira socialista.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

O Sr. **Alcalde- Presidente** pide que consten na acta as manifestacións da voceira socialista porque vai acudir aos xulgados por telo calumniado.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Asunción Torres Parada** expresa o seu asombro polo feito de que a Sra. Maneiro Quintáns diga que Portodos só fala de granito, cando o certo é que Porto do Son esta recuberto de granito. Tamén di que pasma coa intención de eliminar o parque biosaludable, que só leva feito 6 anos e engade que o goberno municipal está a facer e desfacer, tirando os cartos. Prosegue indicando que o problema non é o granito senón o que se fai con el.

En relación coa recuperación do Campo da Atalaia, a Sra. **Torres Parada** sinala que non é preciso eliminar o parque biosaludable para por árbores, pois as dúas cousas poden convivir. Tamén di que a pretensión de recuperar a antiga alameda é improvisar pois permitiron construír a escola infantil onde estaba a alameda; de querer recuperarse a alameda a escola infantil construíriase noutro sitio.

Doutro lado, a voceira de Portodos sinala que Portosín non debe ser tan digno de humanizar como Porto do Son cando o que se fai é empedrar a Praza do Curro e por uns bancos que son mamotretos de pedra.

Remata a súa intervención a Sra. **Torres Parada** afirmando que o goberno local está a improvisar porque nun lado fan unha cousa e noutro outra, mais sempre co denominador común da pedra.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** di que se aleda de que se traia ao Pleno un proxecto que propuxo o BNG, e pregúntase por que non lle copia o proxecto que tiñan para a zona do Outeiro, que consistía na recuperación e reconstrución das vivendas existentes, e que ben podían ser para os mozos que agora teñen que marchar a vivir fóra do concello.

A voceira do BNG afirma que recuperar a alameda é inviable neste momento pero comprar e recuperar as vivendas do Outeiro é necesario para a xente nova. De recuperarse esas vivendas daríase un pulo e embeleceríase o casco de Porto do Son. Pide que o goberno municipal considere ese proxecto, xa que ao goberno do que formou parte non lles deu tempo a comprar as vivendas e rehabilitalas. Engade que executar ese proxecto sería facer concello e futuro, asentar poboación e crear emprego, mentres que facer obras como a da alameda non é máis que por parches cativos.

O Sr. **Alcalde- Presidente** apunta que non lle parece unha mala idea o proxecto mencionado pola voceira do BNG, e engade que o executarán, para o que solicitarán unha subvención ao departamento da Sra. Franco Pouso.

A Sra. **Franco Pouso** interrompe e o Sr. Alcalde- Presidente advírteas por vez primeira.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** di que os fondos necesarios para ese proxecto hai que buscalos en Europa, acudindo ao Grupo de Acción Costeira (GAC), pero ao Sr. Oujo Pouso a Alcaldía vaille grande.

O Sr. **Alcalde- Presidente** afirma que o proxecto de recuperación das vivendas do Outeiro lle parece moi bonito e bo para o concello e que están dispostos, con tal de executalo, a que a Sra. Franco Pouso diga que foi idea súa e mais a dicir que foi ela quen xestionou a subvención necesaria para realizalo.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **Ánxela Franco Pouso** apunta que está disposta a acompañar ao Sr. Alcalde ás xuntanzas para obter fondos do GAC para ese proxecto.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

O Sr. **Alcalde- Presidente** menciona que, como se trata dun proxecto de cariz social, lle pedirán axuda ao Departamento de Benestar Social da Deputación que dirixe a Sra. Franco Pouso.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **José Maneiro Quintáns**, en alusión ás manifestacións da Sra. Hermo García, afirma que non lle parece incompatible executar proxectos bonitos e cubrir os servizos básicos, pois desde o goberno están a facer as dúas cousas.

D<sup>a</sup>. **Josefa Hermo García** apunta que cando chegue o saneamento a Sieira disporá dun servizo básico.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> **José Maneiro Quintáns** continúa coa súa quenda, indicando que a Sra. Torres Parada a aburre profundamente nas súas intervencións.

En relación ao dito pola voceira do BNG, dálle a razón, pois a do Outeiro é unha zona na que resulta preciso actuar e que, ademais, é a orixe do núcleo de Porto do Son. Engade que van facer un proxecto para recuperala.

Non habendo máis intervencións, o Sr. **Alcalde- Presidente** dá paso á votación do asunto. En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por sete (7) votos a favor (7 PP) e con seis (6) abstencións (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG)**, polo tanto co quórum da maioría absoluta, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, adopta o seguinte **ACORDO**:

"1.- Participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

## A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforma e acondicionamento da Rúa Entremurallas	88.835,97 €	0,00 €	88.835,97 €
Humanización da Rúa Avellaneda	66.500,00 €	0,00 €	66.500,00 €
Recuperación dun ámbito social: Antigo Campo da Atalaia. Reformulación da Rúa Atalaia	233.003,96 €	0,00 €	233.003,96 €
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>388.339,93 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>388.339,93 €</b>

## B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>

## C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>388.339,93 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>388.339,93 €</b>
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>388.339,93 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>388.339,93 €</b>



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaya s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
Humanización da Rúa Entremurallas	39.445,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>39.445,00 €</b>

3.- Declarar que o concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **21:25 horas**, do día **17 de decembro de 2015**, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.

O ALCALDE/PRESIDENTE.



Asdo. D. José Luis Oujo Pouso



O SECRETARIO, que da fe.

Asdo. José Manuel González García.